

TRABALLO PARA E. INFANTIL



ánimo!

#euquedonacasa

#yomequedoencasa

5º de Educación Infantil

Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Manter rutinas.
- Hábitos de hixiene básicos: non esquezas lavar as mans a miúdo e usa a máscara sempre que esteas preto doutras persoas coas que non convivas.
- O corpo: débúxate a ti mesmo/a. Non esquezas poñer todos os segmentos: cabeza, tronco e extremidades e outras partes que lembres: ollos, pupila, cellas, pestanas, nariz, boca, orellas...
- PSICOMOTRICIDADE FINA: colorea un debuxo e recorta polas liñas de puntos. Pídelle axuda a un adulto. Logo, como se fose un quebracabezas, forma de novo o debuxo e pégaon nun papel.
- PSICOMOTRICIDADE GROSA: crear un espazo na casa no que o/a neno/a poida moverse libremente e lle permita realizar distintos movementos e distintas coreografías e bailes.
- Autonomía no vestir:
 - Practica na casa abotoar e desabotoar. Na clase, facémolo co mandilón.
 - Practica a colocar correctamente as magas da chaqueta cando quedan dadas a volta ao sacar a prenda: sacar as mangas para fóra (coloquialmente falando).
 - Viste e desviste o abrigo sen axuda. E sube a cremalleira.

Área de Coñecemento do contorno

- O número 4:
 - Fai a ficha que che propoñemos.
 - Fai unha fila con 4 coches, 4 bonecas, 4 bólas... e cóntaos.
 - Crea unha serie de 4 elementos: catro culleres, catro pinzas da roupa...
- O outono: observa cando vaias pola rúa.
 - Notas vento?
 - Vés follas polo chan?
 - Chove ás veces?
 - Que roupa leva posta a xente?
 - Vai frío ou calor?
- Froitas de outono: anímate a comer na casa!
 - Castañas.



- Kiwis.
- Granadas.
- Castañas.
- Noces.
- Cabaza (en puré; huum, que rica!).
- Recicla: separa na casa o lixo. Na clase, temos tres papeleiras.

Área de Linguaxes: comunicación e representación

- Fala moito cos/coas maiores, que che deixen expresar, emocións, sentimentos, etc.
- Repasa as vogais en maiúscula e minúscula.
- Le contos sobre o outono: [este seguro que o coñeces](#).
- Música: cancións do outono.
 - Canta a [canción esta do vídeo](#).
 - Ou esta canción tan bonita, que seguro que alguén sabe na casa:
Señora María e Señor Manuel
castañas asadas con leite e con mel.
E leite con mel e leite con mel
señora María e señor Manuel.
- Plástica: observa estes cadros do outono.
 - [Un de Van Gogh](#).
 - [Outro de Van Gogh](#).
 - [Un de Monet](#).
 - [E un de Archimboldo](#).
- Ver curtas e contos subidos ao blog da biblioteca: [Rakonto Pequeno](#).
- Visitar o apartado de xogos educativos de [A tropa de Paulo](#).